



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 7 de novembro de 2019, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas do Concello de Oleiros.

Asistentes

- **Presidente:** Dona María José Varela Neira, 1ª Tenente da Alcaldía do Concello de Oleiros.
- **Vocais:**
 - Dª Sandra Fernández Fernández, Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación
 - Dª. Silvia Legaspi Grueiro, TAE de Contratación e Patrimonio
 - Dª Mª Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello.
 - D. Jacobo Molina Saenz, Interventor Accidental do Concello.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García.

- **Técnicos asistentes:**
 - Don José Luis Jares Vázquez, arquitecto técnico municipal, para a contratación nº 2019/CONTRAT/000117

Habendo quórum procédese a trata-los asuntos que figura na Orde do Día:





Orde do día

1.- 2019/CONTRAT/000117 – RENOVACIÓN DA CUBERTA NO CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, das proposicións presentadas nos sobres nº 2
- Proposta de adxudicación, se procede.

2.- 2019/CONTRAT/000107 – PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE AGURNIÑO

Acto non público de:

- Apertura da documentación dos sobres “B” (documentación administrativa e criterios sometidos a xuízo de valor)

3.- 2019/CONTRAT/000108 – ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN “O BOSQUE”

Acto non público de:

- Apertura da documentación dos sobres “B” (documentación administrativa e criterios sometidos a xuízo de valor)





1.- 2019/CONTRAT/000117 – RENOVACIÓN DA CUBERTA NO CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN

Mediante Resolución 2019004030, de 7 de outubro, aprobouse o expediente administrativo para a contratación da obra denominada “RENOVACIÓN DA CUBERTA NO CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN”, mediante procedemento aberto simplificado.

O orzamento da licitación é de 56.178,89 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (11.797,57 €), o que supón un importe de 67.976,46 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 7 de outubro do 2019.

Rematado o día 28 de outubro de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da Empresa	Número Identificación	Data e hora de presentación de oferta
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B-70.372.032	28-10-2019 16:29

Na Mesa de Contratación de 29 de outubro de 2019 procedeuse, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”, admitíndose á única empresa presentada a esta licitación; e remitíronse os arquivos ou sobres electrónicos nº 1 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo X do PCAP.

O devandito informe emítese con data 5 de novembro do 2019 polo arquitecto técnico municipal don José Luis Jares Vázquez.

Procedería que a Mesa tomase coñecemento do mesmo e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”

Así, continúaase, en acto público ao que non se presenta ningún interesado, procedendo a tomar coñecemento do informe emitido polos servizos técnicos con respecto aos sobres nº 1

Do devandito informe extráense as seguintes puntuacións para os criterios subxectivos a valorar consonte ao Anexo X PCAP:

Nome da Empresa	Número Identificación	Criterio subxectivo: Memoria descriptiva do procedemento de execución
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B-70.372.032	17,00 / 25

O informe completo publicarase xunto con esta Acta no Perfil do Contratante do órgano de contratación.





A continuación, procédese á apertura do sobre nº 2 (documentación criterios avaliados matematicamente) das ofertas admitidas a esta licitación.

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, e non existindo ofertas que incorran en presunción de baixa anormal, resultan as ofertas e puntuacións que se citan no seguinte cadro:

		SERGONSA SERVICIOS, S.L.
Oferta económica	Importe sen IVE	51.808,00 €
	Puntuación	18,15 / 50
Redución do prazo de execución	Prazo ofertado	23 días
	Puntuación	5 / 5
Mellora: reparación falsos teitos	Si/ non	Si
	Puntuación	10,00 / 10
% persoal fixo	Porcentaxe	44,00%
	Puntuación	5,00 / 5
Incremento do prazo de garantía	Incremento prazo	4 anos
	Puntuación	5 / 5
TOTAL PUNTUACIÓN		43,15 / 75

En vista do anterior, obtense pola Mesa a seguinte lista ordenada de licitadores:

POSICIÓN	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B-70.372.032	17,00	43,15	60,15

Xa que logo, a Mesa de contratación, vista a puntuación obtida pola única empresa participante, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN DA CUBERTA NO CENTRO MUNICIPAL DE FORMACIÓN" á empresa SERGONSA SERVICIOS, S.L. (B-70.372.032) polo importe de 51.808,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





2.- 2019/CONTRAT/000107 – PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE AGURNIÑO

Mediante Resolución 2019004232, de 17 de outubro, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto simplificado, da execución da obra de “PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AGURNIÑO”.

O orzamento da licitación é de 59.691,99 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (12.535,32 €), o que supón un importe de 72.227,31 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de catro semanas.

Esta obra está incluída na 1ª fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) Adicional1/2019.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de outubro do 2019.

Rematado o día 6 de novembro de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A15008485	06-11-2019 15:15
CANARGA, S.L.	B15360902	06-11-2019 17:48
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	06-11-2019 10:34
JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.	A15013162	06-11-2019 17:23
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	B32211716	06-11-2019 10:50

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico B presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no PCAP. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no PCAP; isto é, o programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

Segundo.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos B a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no anexo IV – fase I- do PCAP.





3.- 2019/CONTRAT/000108 – ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN “O BOSQUE”

Mediante Resolución 2019004231, de 17 de outubro, aprobouse o expediente administrativo para a contratación, por medio de procedemento aberto simplificado, da execución da obra de “ACTUACIÓNS NA URBANIZACIÓN O BOSQUE”. O orzamento da licitación é de 187.192,66 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (39.310,46 €), o que supón un importe de 226.503,12 € IVE engadido.

Esta obra está incluída na 1ª fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) Adicional1/2019.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 17 de outubro do 2019.

Rematado o día 6 de novembro de 2019 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nombre de la Empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	A15008485	06-11-2019 15:36
CANARGA, S.L.	B15360902	06-11-2019 18:10
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	06-11-2019 10:03
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	B32211716	05-11-2019 14:24
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	B70372032	06-11-2019 16:50

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico B presentado polos licitadores denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa”.

Con respecto á documentación administrativa, a Mesa considéraa correcta.

A continuación, a Mesa procede á comprobación da documentación cuxa avaliación depende dos xuízos de valor relacionados no PCAP. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no PCAP; isto é, o programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

Segundo.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos B a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no anexo IV – fase I- do PCAP.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe do Presidente.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación dona María José Varela Neira.

